

# Detrás da porta

JAIME GABRIEL ARMENTEROS PEDRERO

Durante a miña infancia gustábame ver libros con fotos de animais, plantas e paisaxes. Chamábanme a atención as diferentes formas e cores, nesta etapa comecei a debuxar e colorear con lapis.

Á idade de 12 anos fun a clases de debuxo e pintura cun profesor do colexio que pintaba ao óleo. Usaba gran cantidade de óleo e, posteriormente, descubrín que se coñece co nome de pintura con textura. Eu practicaba debuxos e pinturas con ceras, *gouache* e acuarela.

Sobre o ano 2012 comecei de forma autodidacta a realizar pintura acrílica coa axuda dalgún libro. Como iso non me permitía progresar, apunteime en 2014 a unha academia de pintura. Nesta etapa o meu estilo foi de realismo con temas de casas e portas da miña aldea de Zamora, animais e bodegóns.

En 2020, durante o confinamento, fixen debuxos con formas redondeadas que posteriormente pintei ao óleo. Cando este rematou reiniciei a formación en academia ata a actualidade; comecei a pintar abstracto e formas xeométricas, aínda que sigo co realismo. Síntome identificado cos dous estilos e altérnoos de forma natural, sen chegar a saturarme ningún deles.

Realicei dúas exposicións previas: a primeira en 2023 no Casino de Pontevedra e a segunda en 2024 na sede de Vigo do Colexio de Médicos de Pontevedra, polo que esta é a miña terceira exposición, que se compón dos meus tres estilos de pintura: realismo, abstracto e xeométrico.




J. Armenteros
2019



























# DATAS E HORARIOS

## Do 23 de maio ao 8 de xuño de 2025

De luns a venres, de 8 a 20 h
Sábados e festivos, de 10 a 14 h e de 16 a 19 h
Domingos, de 10 a 14 h

# LUGAR

Palacete das Mendoza. Sala de exposicións
Praza de Santa María, s/n
Pontevedra

Depósito Legal: PO 279-2025

Deputación Pontevedra | ríasbaixas